


O RINOCERONTE

Os rinocerontes africanos viven nas sabanas, en grandes espazos abertos, os asiáticos viven na selva, no medio das árbores, para así protexerse dos cazadores. Todos eles necesitan vivir en zonas nas que hai moita auga porque necesitan darse baños con frecuencia para protexer a súa pel e para regular a súa temperatura. Tamén beben diariamente inda que se non hai auga poden estar 4 ou 5 días sen beber.

É o animal de maior tamaño despois do elefante, sobre todo o rinoceronte branco. O máis pequeno é o rinoceronte de Sumatra que mide arredor de 3 m de longo e pesa 800 kg e o máis grande é o branco que mide sobre 4 m de longo e pode pesar ata 4000 kg.

A pesares do seu tamaño poden ser moi áxiles.




O rinoceronte ten cornos no fociño pero estes cornos non son de oso senón de pelo entrelazado, é unha arma terrible e tamén a razón de que os cacen xa que ós seus cornos atribúenselle propiedades curativas. As especies africanas e o rinoceronte de Sumatra teñen un par de cornos, en cambio o rinoceronte indio e o de Xava teñen 1 so corno.



O rinoceronte é un dos animais que está en máis perigo de extinción neste momento, xa so quedan 5 especies das moitas que existían e de esas 5 especies, tres especies asiáticas, e das tres, o Indio, o de Xava e o de Sumatra, quedan contados exemplares. É certo que as dúas especies africanas están a aumentar o seu número gracias a intervención de organismos internacionais que están a intervir na súa conservación pero, ata o momento, inda non está asegurada a súa supervivencia.

Os rinocerontes teñen moi pouca vista pero teñen un oído moi fino e as súas orellas son coma radares que detectan rapidamente de onde ven o ruído; pero o seu sentido máis desenrolado é o olfacto.

Son herbívoros e necesitan unha gran cantidade de alimentos



diariamente. As especies africanas de rinocerontes perderon os dentes de diante, as asiáticas consérvanos pero eses dentes utilízanos para as pelexas máis que para comer.

As crías son pequenas ó nacer, pesan entre 40 e 70 kg. Ós 3 días de nacer xa poden seguir á nai. Unha femia pode ter fillos ós 4 ou 5 anos, o macho entre os 7 e os 8 anos. Depende da especie. Normalmente teñen unha cría por camada, a xestación é duns 18 meses polo que soen ter unha cría cada 2 anos.

O rinoceronte é un animal de mal carácter e solitario, so vai a nai coa súa cría e, en casos excepcionais, poden xuntarse algunha femia con crías xoves. O macho so se xunta coa femia nas épocas nas que ela está en celo. As femias móvense nun determinado territorio pero pódeno compartir varias femias.

O macho ten o seu territorio e deféndeo pelexando con outros machos. Marcan o seu territorio con defecacións e miccións. Defecan en lugares fixos e logo esparexen os excrementos a patadas. Tamén o marcan con frecuentes miccións. As pelexas son moi curiosas. Empúxanse cos cornos e restréganse polo chan ata que un se da por vencido. Entónces o vencedor ouriña para empezar a marcar o seu territorio.

Poden vivir entre 30 e 45 anos, a súa lonxevidade depende da especie.

COMPRESIÓN

1. Di se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións:

- ___ O rinoceronte é o animal de maior tamaño.
- ___ O sentido máis desenrolalo do rinoceronte é oído.
- ___ Os rinocerontes teñen moi mala vista.
- ___ O rinoceronte é un animal solitario.
- ___ Son animais carnívoros.
- ___ Son animais moi áxiles e xoguetóns.

2. Contesta:

¿Cal é o rinoceronte máis grande? ¿Canto mide?

.....
.
¿E o máis pequeno?

.....
.
Necesitan vivir en lugares con moita auga ¿Por que?

.....
.
¿Cómo marcan o seu territorio?

.....
.
¿Como son as pelexas?

.....
.
¿Para que utilizan fundamentalmente os dentes de diante os rinocerontes asiáticos?

.....
.
3. Elixe a resposta correcta:

▶ O rinoceronte

- Ten cornos na fronte
- Ten cornos no fociño
- Todos teñen 2 cornos

▶ Os cornos dos rinocerontes

- Son de oso
- Atribúenselle propiedades curativas
- Sérvenlle de radares

▶ Os machos

- Viven en parellas coas súas crías
- Viven sos
- Viven en manadas

▶ As femias

- Pelexan con outras femias polo seu territorio
- Poden compartir o territorio con outras femias
- Comparten o territorio cos machos

▶ O rinoceronte africano

- Ten 2 dentes diante
- Perdeu os dentes de diante
- Perderon todos os dentes

4. Completa:

As crías ó nacer son, pesan

Ós días de nacer

Unha femia pode ter fillos ós anos, o macho entre os anos. Normalmente teñen cría por camada, a xestación dura uns meses polo que soen ter cría cada

ACTIVIDADES

1. Escribe as preguntas para as seguintes respostas:

.....
.

R: O rinoceronte é un animal de mal carácter e solitario.

.....
.

R: Os rinocerontes teñen moi pouca vista pero teñen un oído moi fino, inda así, o seu sentido máis desenrolado é o do olfacto.

2. Escribe o contrario

O rinoceronte é un animal de mal carácter e solitario.

.....
.

.....
.

Os rinocerontes teñen moi pouca vista pero teñen un oído moi fino, inda así, o seu sentido máis desenrolado é o do olfacto.

.....
.

.....
.

.....
.

.....
.
3. Escribe frases nas que aparezan os seguintes grupos de palabras:

sabanas – rinocerontes – cornos

selva- cazadores – fociño

auga – perigo - cornos

.....
.
.....
.
.....
.
.....
.
4. Separa correctamente estas frases:

Oscornosnonsondeososenóndepeloentrelazado.

.....
.
Empúxansecoscornosataqueunsedaporvencido.

.....
.
5. Cambia as palabras que están mal.

Son o animal de maior tamaño despois da elefante, sobre todo a rinoceronte branco. O máis pequeno é o rinoceronte de Sumatra que mide arredor de 3 m de longo e pesamos 800 kg e o máis grande é o branco que mide sobre 4 m de longo e podía pesar ata 4000 kg.

6. Trata de ler estas frases e escribeas:

Necesitan darse baños con frecuencia para proteger a sía nel

O rinoceronte é un animal de mal carácter e solitario

É o animal de maior tamaño despois do elefante

7. **letras:** R E R T R A B O U H R **Busca na sopa de**

rinoceronte, selva, herbívoro, Sumatra, solitario, sabana, extinción

S	S	N	O	S	E	M	I	O	R	A
A	S	I	O	S	R	A	F	E	B	M
B	A	S	A	C	E	I	N	A	I	I
A	M	O	N	O	E	A	I	S	V	F
N	S	U	M	A	T	R	A	E	O	E
A	S	E	A	E	D	E	O	D	R	R
E	X	T	I	N	C	I	O	N	O	S
A	O	M	N	I	U	O	R	O	T	O
S	D	E	M	C	S	E	L	V	A	E

8. A que non atopas 8 diferencias, ¿ou hai 9?.



9. Pon as vocais que faltan neste texto:

...s r...n...c...r...nt...s ...fric...n...s v...ven n...s sab...n...s, ...n gr...ndes
esp...c...os ...bert...s, ...s ...s...átic...s viv...n n... s...lva, n... m...dio d...s
árb...r...s, p...r... ...sí pr...tex...rs... d...s c...zad...r...s. T...d...s el...s
n...cesit...n v...v...r ...n z...nas n...s q...e h...i m...it... a...g... p...rq...
n...ces...t...n d...rse b...ñ...s p...r... pr...tex...r ... sú... p...l e p...r... reg...l...r
... s...a t...mper...t...ra.

.....

.

.....

.